



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de xullo de 2020(851/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e tres de xullo de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(575).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 17 de xullo de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(576).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO (CIIES-ALBERGUE)- 2020/2021. EXPTE. 202510/301.

Visto o informe de fiscalización do 07/07/2020 e o informe xurídico do 15/07/2020, dáse conta do informe-proposta de data 06/07/2020, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a xefa do Servizo, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) acordou, na súa sesión extraordinaria e urxente do 11.11.2016, adxudicar á entidade "CRUZ ROJA ESPAÑOLA" o contrato de servizos do Albergue-CIIES da rúa Marqués de Valterra n.º 6 por un prezo de 3.101.287,24€.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 30.11.2016, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de catro (4) anos, mediante dúas prórrogas dun (1) ano cada unha, sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 9 meses antes da data de vecemento do prazo ou da prórroga en curso.

Fixouse como data efectiva de inicio do contrato o 01.12.2016 (cláusula 4), polo que a súa vixencia finalizaría o vindeiro 30.11.2020.

I.4. De acordo co exposto, o acordo municipal autorizando a 1ª prórroga deberá producirse necesariamente antes desa data, dado que xuridicamente non resulta posible prorrogar un contrato xa finalizado.

I.5. Tramítase agora o expediente administrativo co nº 202510/301 (2020) do Servizo de Benestar Social e consta nel a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do 01.07.2020, ordeando a incoación de expediente administrativo.
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade "CRUZ ROJA ESPAÑOLA" e Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (constan no Exp. nº 120763/301; trámites núms. 240 e 70, respectivamente).
- Escrito presentado no Rexistro electrónico municipal o 20.01.2020 (Código W411481-1931; doc. nº 200009333) pola representante de "CRUZ ROJA ESPAÑOLA", D./Dª M.ª Teresa Álvarez Quicler, manifestando a súa conformidade coa prórroga proposta.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.



Concello de Vigo

- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RD.Lex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- [TRLCSPP (RD.Lex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público)].
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RD.Lex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase agora na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014

(DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúsen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. PRÓRROGA (1ª) DO CONTRATO DE SERVIZOS DO CIIES: XUSTIFICACIÓN

III.2.1. De conformidade co disposto no Apdo. 2 da Disposición transitoria primeira da LCSP, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma rexeranse, no tocante ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público – TRLCSP).

III.2.2. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptuaba que a duración dos contratos do sector público estableceríase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas.

III.2.3. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrência para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.



Concello de Vigo

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, a non ser que o contrato expresamente prevese o contrario, sen que poida producirse polo simple consentimento tácito das partes.

III.2.5. Especificamente, sobre a duración dos contratos de servizos, prescribía o Art. 303.1 do TRLCSP que estes non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos, coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, aínda que podería preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mútuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non excedese de seis (6) anos, e que as prórrogas non superasen, aillada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

III.2.6. O contrato formalizado con "CRUZ ROJA ESPAÑOLA" é un contrato administrativo de servizos (Arts. 10, 19, 301 e ss. e Anexo II TRLCSP) adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de catro (4) anos desde a súa data de inicio (01.12.2016). Como xa se indicou antes, está expresamente prevista a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.7. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social, que é a quen lle corresponde a dirección técnica do CIIES (Art. 8 Regulamento CIIES), como a Xefatura desta Área e a Concelleira de Política de Benestar Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dos programas e servizos sociais que no CIIES estanse a prestar ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

II.2.8. Por outra banda, faise contar que está garantido durante toda a vixencia deste contrato (incluídas as prórrogas) o uso a favor do Concello de Vigo das instalacións da "Casa do Pescador" da rúa Marqués de Valterra nº 6, no que se ubica o Albergue municipal – CIIES, nos termos fixados polo Padroado da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola» na súa reunión do 21.04.2016, aceptados polo Concello (XGL do 06.05.2016), na que acordou ampliar o prazo de cesión ó Concello de Vigo do uso das instalacións e dependencias da "Casa do Pescador" por un periodo de seis (6) anos contado desde o 01.01.2017, prorrogable tacitamente por periodos iguais, de non mediar denuncia expresa de calquera das partes con, alomenos, tres (3) meses de antelación tanto a respecto do periodo inicial renovado como de calquera das súas prórrogas.

Consta no Exp. nº 69737/301 o oficio do Comandante Naval e Presidente do Padroado da Fundación de data 22.04.2016 (Rexistro xeral do 25.04.2016; Doc. nº 160052070) polo que dá traslado a esta Administración de copia da acta daquela reunión e do certificado do acordo adoptado sobre este particular.

II.2.9. A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal subscrito o 30.11.2016, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación. Tampouco non será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada.

III.2.10. O gasto representado por esta prórroga, que é de 775.321,81 €, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.227.99.13 dos vixentes orzamentos municipais.

III.2.11. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberá recabarse e achegarse ó expediente o preceptivo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 109.3 e DA 2ª apdo. 8º do TRLCSP e ccdtes., xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.12. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e DA 2ª TRLCSP).

IV. CONCLUSIONÍS

Resulta axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 30.11.2016 polo Concello de Vigo coa entidade "CRUZ ROJA ESPAÑOLA", toda vez que:

- a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- c) As características do contrato de servizos formalizado para a execución de determinados programas e servizos no CIIES permanecerán inalterables.
- d) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta primeira prórroga proposta.
- e) Consta a aceptación formal do contratista.
- f) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01/12/2020 ata o 30/11/2021, o contrato de servizos do "Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social" (CIIES) do Concello de Vigo adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 11.11.2016 á entidade "CRUZ ROJA ESPAÑOLA" (CIF nº Q-2866001G), formalizado en documento administrativo o 30.11.2016, de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares, facendo constar que as melloras ofertadas pola empresa adxudicataria, enumeradas no contrato, seguen a operar no período da prórroga.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 775.321,81 € que representa esta primeira prórroga anual a favor de "CRUZ ROJA ESPAÑOLA", que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.13, correspondendo 64.610,15 € ó exercicio de 2020 e 710.711,66 € ó de 2021.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(577).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TAREFAS AUXILIARES DE SUPERVISIÓN DO FUNCIONAMENTO DA VENDA AMBULANTE NOS MERCADILLOS E OUTROS EVENTOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 7175/106.

Visto o informe xurídico do 15/07/2020 e o informe de fiscalización do 16/07/2020, dáse conta do informe-proposta de data 08/07/2020, asinado polo xefe do Servizo de Comercio, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real decreto lexislativo 3/2011.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de data 31/03/2020 o concelleiro delegado do Servizo de Comercio acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar por

procedemento aberto do servizo de tarefas de auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 28/02/2020 e 28/04/2020 asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo xefe da Área de Servizos Xerais.
- Resolución do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos de data 31/03/2020 pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo xefe do Servizo de Comercio e polo xefe da Área de Servizos Xerais con data 21/05/2020 e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos con data 22/05/2020.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo xefe da Área de Servizos Xerais con data 04/05/2020.
- Informe favorable ao expediente de contratación asinado pola letrada-titular da Asesoría Xurídica de data 18/06/2020.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, rectificado a proposta da Intervención Xeral, para a contratación polo procedemento aberto do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 02/07/2020.

Terceiro.- O presente contrato está incluído na programación municipal 2020 aprobado pola Xunta de Goberno de data 27/12/2019

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 116 LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro de Comercio en resolución de data 31/03/2020 autorizou o inicio deste expediente de contratación, previa xustificación da necesidade de data 28/04/2020 conforme ao art. 28 da LCSP.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 LCSP, o prego de prescricións técnicas, asinado polo xefe de Comercio e polo xefe da Área de Servizos Xerais, e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime



Concello de Vigo

local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, emitírase informe favorable pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Quinto.- No 116.3 da LCS establécese que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación conforme ao artigo 117LCSP e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo, segundo as condicións aprobadas no referido prego de prescricións técnicas particulares de data 04/05/2020, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 02/07/2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 70.000 euros (cun IVE incluído 21% de 12.148,766 euros); dos cales 15.056 euros corresponden á anualidade 2020 con cargo á partida orzamentaria 4313 2279900 (CONTROL DOS MERCADOS DE COIA, BOUZAS E OUTROS), e 34.843 euros á anualidade 2021 e 20.101 euros á anualidade 2022.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(578).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LIBROS E PUBLICACIÓNS CON DESTINO A DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6435/241.

Visto o informe xurídico do 14/07/2020 e o informe de fiscalización do 20/07/2020, dáse conta do informe-proposta de data 07/07/2020, asinado pola xefa de

Asesoramento de Asesoría Xurídica, o Interventor Xeral, a xefa do servizo de Contratación, a xefa do servizo de Educación, a xefa do servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Contratación, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, o concelleiro-delegado de Educación e Xuventude e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Nas datas 8,11 e 12 de maio de 2020, a Xefa de Asesoramento, o Xefe da Área Xudicial, o Interventor Xeral, a xefa do servizo de Contratación, a xefa do servizo de Educación e a xefa do servizo de Igualdade asinan informe de necesidade para a contratación da subministración de libros e publicacións con destino a distintos servizos do concello de Vigo, sen restrición de editoriais, en cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, resolvéndose nas datas 12 e 13 de maio de 2020 pola Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, o Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, o Concelleiro- delegado de Educación e Xuventude e a Concelleira-delegada de Igualdade, o inicio do expediente de contratación, en uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (apartado 4 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público -LCSP- e acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019).

3º.- No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada pola xefa de Asesoramento, o xefe da Área Xudicial, o Interventor Xeral, a xefa do servizo de Contratación, a xefa do servizo de Educación e a xefa do servizo de Igualdade asinado nas datas 8, 11 e 12 de maio de 2020 e, resolución de inicio do expediente de contratación asinada pola Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, o Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, o Concelleiro- delegado de Educación e Xuventude e a Concelleira-delegada de Igualdade nas datas 12 e 13 de maio de 2020.
- Memoria económica asinada pola técnica de Xestión, a xefa de Asesoramento, o Interventor xeral, a xefa do servizo de Contratación, a xefa do servizo de Educación, a axente de Igualdade de oportunidades e a xefa do servizo de Igualdade nas datas 14 e 15 de maio de 2020, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, o Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, o Concelleiro- delegado de Educación e Xuventude e a Concelleira-delegada de Igualdade.
- Declaración dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares de datas 4 e 5 de xuño de 2020 sobre cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso dos licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Prego de prescricións técnicas asinado pola técnica de Xestión, a xefa de Asesoramento, o Interventor xeral, a xefa do servizo de Contratación, a xefa do servizo de Educación, a axente de Igualdade de oportunidades e a xefa do servizo de Igualdade nas datas 4 e 5 de xuño de 2020.
- Memoria xustificativa asinada pola técnica de Xestión, a xefa de Asesoramento, o Interventor xeral, a xefa do servizo de Contratación, a xefa do servizo de Educación,



Concello de Vigo

a axente de Igualdade de oportunidades e a xefa do servizo de Igualdade nas datas 4 e 5 de xuño de 2020, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, o Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, o Concelleiro- delegado de Educación e Xuventude e a Concelleira-delegada de Igualdade.

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación nas datas 26 e 29 de xuño de 2020.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros de área por acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado abreviado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de

abril); a elección do procedemento aberto simplificado abreviado segundo o establecido no artigo 159 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- - Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado abreviado de subministración de libros e publicacións con destino a distintos servizos do concello de Vigo, sen restrición de editoriais.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación de data 29 de xuño de 2020.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de Xestión, a xefa de Asesoramento, o Interventor xeral, a xefa do servizo de Contratación, a xefa do servizo de Educación, a axente de Igualdade de oportunidades e a xefa do servizo de Igualdade de datas 4 e 5 de xuño de 2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de **12.650 €** (doce mil seiscientos cincuenta euros), que inclúe un IVE (4%) de **486,54 €** (catrocentos oitenta e seis con cincuenta e catro céntimos), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo o seguinte detalle:



Concello de Vigo

Ano	Partida 92002200100	Partida 9310.2200100	Partida 9206.2200100	Partida 3261.2200100	Partida 2311.2200100 e a súa bolsa de vinculación xu- rídica
2020	1.875€	0€	500€	4.000€	1.800€
2021	625€	750€	500€	2.000€	600€

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(579).- REXEITAMENTO DA SOLICITUDE DE ABOAMENTO DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN CELTA DE VIGO EN RELACIÓN Ó FINANCIAMENTO DO SEU PROXECTO DEPORTIVO DA TEMPADA 2018/2019. EXPTE. 19653/333.

Visto o informe xurídico do 19/06/2020 e o informe de fiscalización do 03/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 01/07/2020, asinado polo xefe do servizo de Deportes, a secretaria de Administración Municipal, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 30.04.2019 a Fundación Celta de Vigo presenta solicitude de abono de subvención (Doc.190063558) para o financiamento do proxecto deportivo 2019 achegando memoria explicativa do proxecto de canteira temporada 2018-2019, certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social, administración tributaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, certificado de conta bancaria e CIF da entidade

Con data 10.06.2020 D, Manuel Carlos Mouriño Atanes en representación da Fundación Celta de Vigo presenta nova solicitude de abono da subvención consignada apercibindo de que, en caso de non ser tida en conta tal solicitude no prazo de tres meses procederase de modo inmediato a presentar recurso contencioso administrativo.

Con data 19.06.2020, a Secretaria da Administración Municipal, emite informe xurídico desfavorable fronte á solicitude obxecto do presente informe-proposta presentada pola Fundación Celta de Vigo do que resulta

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A solicitude formúlase por representante da entidade que conforme o disposto no artigo 4.1.a) da LPAC ostenta a condición de interesado en tanto que no orzamento do 2019 figura como beneficiario dunha subvención nominativa en concepto de “Subvención Fomento Fútbol Base Fundación Celta de Vigo” por importe de 295.000,00.

SEGUNDO.- A Fundación Celta de Vigo fundamenta a súa petición en tanto que a subvención está prevista nominativa no orzamento de 2019 entendendo que procede o seu abono conforme o disposto no artigo 22.2 da LXS e en virtude do principio de confianza lexítima.

Da subvención nominativa

Conforme o artigo 2.1 da LSG enténdese por subvención, toda disposición dineraria realizada pola Administración da Comunidade Autónoma, ou por unha entidade vinculada ou dependente dela, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou á concorrencia dunha situación, e o beneficiario debe cumprir as obrigas materiais e formais que se establecesen.
- c) Que o proxecto, a acción, a conduta ou a situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou a promoción dunha finalidade pública

Fronte o procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no orzamento, entendendo como tal aquela na que alomenos a súa dotación presupostaria e beneficiario apareza determinado no estado de gastos do orzamento, sendo o convenio o instrumento habitual para a súa canalización e que terá o carácter de bases reguladoras da concesión aos efectos do disposto na Lei de subvencións de Galicia.

A estes efectos no orzamento 2019 consta consignación orzamentaria de subvención nominativa en concepto de “SUBV. FOMENTO FÚTBOL BASE FUNDACIÓN CELTA DE VIGO” por importe de 295.000,00 euros na aplicación orzamentaria 3410 4890016

Do procedemento de subvención

O artigo 9.2 da LXS dispón que con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidas nesta lei.

O artigo 65.3 do RD 887/2016, determina que o procedemento para a concesión de subvencións nominativas iniciárase de oficio polo servizo xestor do crédito presupuestario



Concello de Vigo

ao que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou convenio de xeito que o acto de concesión ou convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión aos efectos do disposto na LXS.

A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:

- a) Definición do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios,
- b) Crédito orzamentario ao que se lle imputa o gasto e a contía da subvención, individualizada,
- c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e pagos a conta, así como o réxime de garantías que, de acordo co disposto neste regulamento, deberán achegar os beneficiarios.
- e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.
- f) Obrigación do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- g) Obrigación do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O artigo 34.1 da LXS determina << Con carácter previo a la convocatoria de la subvención o a la concesión directa de la misma, deberá efectuarse la aprobación del gasto en los términos previstos en la Ley General Presupuestaria o en las normas presupuestarias de las restantes Administraciones públicas.

2. La resolución de concesión de la subvención conllevará el compromiso del gasto correspondiente.

3. El pago de la subvención se realizará previa justificación, por el beneficiario, de la realización de la actividad, proyecto, objetivo o adopción del comportamiento para el que se concedió en los términos establecidos en la normativa reguladora de la subvención.>>

Pola súa parte o artigo 20 da LGP 47/2003 dispón " *Las obligaciones de la Hacienda Pública estatal nacen de la ley, de los negocios jurídicos y de los actos o hechos que, según derecho, las generen.* ", e o artigo 21.1 de dita lei " *1. Las obligaciones de la Hacienda Pública estatal sólo son exigibles cuando resulten de la ejecución de los presupuestos, de conformidad con lo dispuesto en esta Ley, de sentencia judicial firme o de operaciones no presupuestarias legalmente autorizadas ."*

Neste senso a Sentencia del TC 63/1986, de 21 de mayo determina <<" ...Los créditos consignados en los estados de gastos de los Presupuestos Generales no son fuente alguna de obligaciones; sólo constituyen autorizaciones legislativas para que dentro de unos

determinados límites la Administración del Estado pueda disponer de los fondos públicos necesarios para hacer frente a sus obligaciones. La fuente de éstas debe buscarse fuera de dichas consignaciones presupuestarias, ya sea en la ley, ya en los negocios jurídicos o en los actos o hechos que, según Derecho, las generen, tal como señala el art. 42 de la Ley General Presupuestaria ." >>

E concretamente, en materia de subvencions a sentenza da Audiencia Nacional, de 24 outubro de 2014, Rec. 747/2012 << *De la jurisprudencia del Alto Tribunal resulta, en consecuencia, que el hecho de que se consignase una subvención nominativa por importe de seis millones de euros en la Ley de Presupuestos Generales del Estado para el año 2011 no generó ni la obligación directa de pago para la Administración del Estado ni el correlativo reclamado derecho de cobro para FUNDACION EUSKALTEL de dicha cantidad. Y por tanto, no existe un derecho de cobro por la inactividad de pago que pueda ser exigida por el cauce previsto en el artículo 29 de la ley jurisdiccional , al no haberse finalizado el procedimiento de concesión y no haberse firmado el correspondiente convenio que era la vía prevista en este supuesto concreto.*

Resulta de cuanto se ha expuesto que bien mediante la firma del convenio o mediante la elaboración de un Real Decreto, la ayuda consignada en la Ley de Presupuestos para el año 2011 requería de actos de aplicación posteriores, en los que se determinasen las condiciones de la subvención, con la consecuencia de que la pretensión de la actora de abono directo de su importe no tiene cabida en el artículo 29.1 LJCA.>>

Polo exposto cabe concluir que a subvención nominativa non implica per se unha obriga de pago e correlativo dereito de cobro do beneficiario, posto que require da previa tramitación dun procedemento de concesión que xerará, en caso de resolverse favorablemente, o dereito de cobro do beneficiario.

A estes efectos non consta no expediente resolución de concesión da subvención ou convenio. Así mesmo non constan factura xustificativas do pago.

Do principio de confianza lexítima

O artigo 3 da Lei 40/2015 dispón que as administracións públicas deberán respectar na súa actuación e relacións e, entre outros, o principio de boa fe e confianza lexítima.

Conforme a xurisprudencia a confianza lexítima require da concorrencia de tres requisitos esenciais.

- 1.- Que se base en signos innegables e externos
- 1.- Que as esperanzas xeradas no administrado han de ser lexítimas
- 2.- Que a conduta final da Administración resulte contraditoria cos actos anteriores, sexa sorprendente e incoherente

Neste senso a Audiencia Nacional en Sentenza de 22.12.2010 (recurso contencioso-administrativo núm. 257/2009) dispón << *El principio de la buena fe protege la confianza legítima que fundadamente se puede haber depositado en el comportamiento ajeno e impone el deber de coherencia en el comportamiento propio.*

Lo que es tanto como decir que el principio implica la exigencia de un deber de comportamiento que consiste en la necesidad de observar de cara al futuro la conducta que



Concello de Vigo

los actos anteriores hacían prever y aceptar las consecuencias vinculantes que se desprenden de los propios actos constituyendo un supuesto de lesión a la confianza legítima de las partes "venire contra factum proprium">>.

No expediente non consta a realización de ningún trámite administrativo nin comunicación do Concello dirixido a entidade reclamante de xeito que non se pode concluir a existencia de indicios de que se iba a aprobar a subvención.

E por isto polo que no se aprecia vulneración do principio de confianza lexítima, posto que pese a que importe da subvención obxecto de reclamación está consignado no presuposto do Concello 2019 a ausencia de resolución de concesión ou convenio aos que o artigo 28.3 da LXS e artigo 67 do RXS atribúe a condición de bases reguladoras da subvención impide que a subvención fora concedida.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Rexeitar a solicitude de abono da subvención formulada pola Fundación Celta de Vigo en relación ó seu proxecto de dinamización do fútbol base da tempada deportiva 2018/2019.

SEGUNDO: Notificar á Fundación Celta de Vigo indicándolle que contra este acordo que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6.- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO (EMT). EXPTE. 16769/332.

Visto o informe xurídico do 15/07/2020 e o informe de fiscalización do 20/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 10/07/2020, asinado pola xefa do servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 28 de agosto de 2015, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a IMAXINERÍA SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro (expte 16769-332), de acordo cos pregos de cláusulas

administrativas particulares e pregos de condicións técnicas aprobados por acordos da Xunta de Goberno Local de 13/03/2015 e 24/04/2015, e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de catro anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais. A data de inicio do contrato foi o 17/09/2015. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 11 de xullo de 2019, acordou autorizar unha primeira prórroga do contrato para a xestión da Escola municipal de teatro (EMT) polo periodo comprendido entre 18/09/2019 e o 17/09/2020.

En data 8 de xuño de 2020, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral (nº rexistro 200102743), dona Antonia Céspedes Balongo, como representante de entidade IMAXINERÍA SL, manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha segunda prórroga do contrato por unha anualidade.

A prestación do servizo de xestión da Escola municipal de teatro (EMT) por parte da empresa actualmente adxudicataria (Imaxinería SL) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a **2ª prórroga do contrato** para a xestión da **Escola Municipal de Teatro (EMT)** (expte 16769-332) para o periodo comprendido entre o **18/09/2020** e o **17/09/2021**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un gasto de 92.240,84 euros; a súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2020 (18/09/2020-31/12/2020):

28.790,32 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.03 (Escola municipal de teatro) do vixente orzamento.

Ano 2021 (01/01/2021-17/09/2021):

63.450,52 €, que se imputarán á partida 3210.227.99.03 (Escola municipal de teatro), que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento futuro do exercicio 2021.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

7(580).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS. EXPTE. 8568/224.

Visto o informe xurídico do 15/07/2020 e o informe de fiscalización do 20/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 07/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 31 de outubro de 2018, acordou adxudicar á entidade "Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L" con CIF- B27762681 o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo por un prezo total do contrato de 27.764,50 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.818,63 €.

En data 08.11.2018 o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria asinan o contrato. A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 9 de novembro de 2018 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Atendendo á cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *".../ o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e ese se lle notifique cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato..."*

Co obxecto de propoñer a aprobación da segunda prórroga do contrato este órgano xestor informa que a xestión por parte da entidade concesionaria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha primeira prórroga do contrato.

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha segunda prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 9 de novembro de 2020 ao 8 de novembro de 2021 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 27.764,50 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida *"plan municipal de igualdade"* 2311 227 9906 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2021 da concellería de igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- período comprendido entre o 9 de novembro de 2020 ao 31 de decembro de 2020: 1.850,86 € (22 días de novembro x 84,13 € prezo/día) + 2.524,04 € (mensualidade decembro) = **4.374,90 €** con cargo á partida 2311 2279906 *"plan municipal de igualdade"* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 ao 8 de novembro de 2021 (agás o mes de agosto): 9 mensualidades + 8 días de novembro= **23.389,60€** con cargo á dispoñibilidade

de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2021 na partida 2311 2279906 “*plan municipal de igualdade*” da Concellería de Igualdade.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo, que abrangue desde o 9 de novembro de 2020 ao 8 de novembro de 2021, ambos incluídos, coa entidade “Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L” con CIF B27762681, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de outubro de 2018.

2º.- Aprobar o gasto de 27.764,50 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 4.374,90 € con cargo á partida 2311 2279906 “*plan municipal de igualdade*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 23.389,60€ con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2021 na partida 2311 2279906 “*plan municipal de igualdade*” da Concellería de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(581).- PRÓRROGA ANUAL DO CONTRATO DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES. EXPTE. 8398/224.

Visto o informe xurídico do 15/07/2020 e o informe de fiscalización do 20/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 07/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 25 de outubro de 2018, acordou adxudicar á entidade “Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L” con CIF- B27762681 o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo por un prezo total do contrato de 32.548,76 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.648,96 €.

En data 08.11.2018 o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria asinan o contrato. A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 9 de novembro de 2018 e



Concello de Vigo

terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Atendendo á cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *".../ o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e ese se lle notifique cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato..."*

Co obxecto de propoñer a aprobación da segunda prórroga do contrato este órgano xestor informa que a xestión por parte da entidade concesionaria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha segunda prórroga do contrato.

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 9 de novembro de 2020 ao 8 de novembro de 2021 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 32.548,76 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida *"Dinamización Casa das Mulleres"* 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica *"Plan municipal de Igualdade"* 2311 227 9906 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2021 da Concellería de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- período comprendido entre o 9 de novembro de 2020 ao 31 de decembro de 2020: 2.169,86 € (22 días de novembro x 98,63 € prezo/día) + 2.958,98 € (mensualidade decembro) = **5.128,84 €** con cargo ás partidas *"Dinamización Casa das Mulleres"* 2311 227 9910 e *bolsa de vinculación xurídica* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 ao 8 de novembro de 2021 (agás o mes de agosto): 9 mensualidades+8 días de novembro = **27.419,92 €** con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2021 nas partidas *"Dinamización Casa das Mulleres"* 2311 227 9910 e *bolsa de vinculación xurídica* do orzamento da Concellería de Igualdade para o futuro exercicio 2021.

Este órgano xestor informa de que o consumo de crédito na bolsa de vinculación 22 non altera o funcionamento do servizo de Igualdade durante o vixente exercicio nin o do futuro exercicio 2021; ademais, infórmase de que a teor deste consumo de crédito na bolsa de vinculación, minorarase proporcionalmente a partida de gasto da citada bolsa: *"Plan Municipal de Igualdade"* 2311 2279906.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de Xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo, que abrangue desde o 9 de novembro de 2020 ao 8 de novembro de 2021, ambos incluídos, coa entidade “Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L” con CIF- B27762681, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de outubro de 2018.

2º.- Aprobar o gasto de 32.548,76 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 5.128,84 € con cargo á partida “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 27.419,92 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2021 na partida “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica do futuro exercicio 2021 da Concellería de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(582).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN SUBALTERNO, PARA CONSERXERÍA. EXPTE. 36033/220.

Visto o informe de fiscalización do 17/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 15/07/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, a Xefa da Área de Réxime Interior, solicita o nomeamento dun/dunha sublaterno/a, dada a renuncia da persoa nomeada anteriormente, manifestando o urxente nomeamento para correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

II.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 03/07/2020 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo, para proceder baixo a modalidade que resulte oportuna, ao nomeamento interino dun/dunha sublaterno/a.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítese polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a poñer.



Concello de Vigo

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto re-

fundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de cinco meses e doce días (ata o 31/12/2020), dentro dun período de doce meses.

O/a funcionario/a interino/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-subalterno/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa



Concello de Vigo

na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa da Área de Réxime Interior (con referencia á renuncia do efectivo anteriormente nomeado-expte 35139-220), así coma na Instrución de servizo da concelleira-delegada Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente (trámite 51) e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar

reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de cinco meses e doce días (dende o 20/07/2020 ao 31/12/2020), dun/dunha Subalterno/s para conserxería, supón un gasto de **10.038,38 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.315,33 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

Consta igualmente que **“con respecto ao expediente 35139/220 xa aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 11/06/20, que deberá procederse a tramitación dunha minoración dos documentos AC de retención de crédito nunha contía de 11.180,47€ (AC-202000017872, trámite 132) e, 3.692,52€ (AC-202000017874, trámite 133), toda vez que un dos catro funcionarios interinos nomeados renunciou a posibilidade de tomar posesión.”**

Segundo se fai constar, o custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Subalterno, por acumulación de tarefas, a M. Cayo González, con dni *****5980****, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

O mesmo aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referidos nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de recursos humanos e formación e da sra. concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Subalterno (cod.155), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de cinco meses e doce días, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do servizo de conserxería pola renuncia do efectivo nomeado no expediente 35139-220.

O gasto de este expediente supón un importe de **10.038,38 €**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.315,33 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de cinco meses e doce días, como **Subalterno a M. Cayo González, con dni ***5980****, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faráse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorra o prazo máximo dos cinco meses e doce días dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 155-sublaterno/a, sendo adscrito ao Servizo de COnserxería sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo á aspirante nomeada, ao Servizo de COnserxería, á intervención xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(583).- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2020, NO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021, DA “ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL DO GRUPO DE CASAS DE SANTA CLARA”, EN VIGO. EXPTE. 3379/431.

Dáse conta do informe-proposta do 09/07/2020, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación, e polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Como parte do procedemento de solicitude de participación na anualidade 2020 do programa de fomento rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, da “**Área de Rehabilitación Integral Xeral do Grupo de Casas de Santa Clara**”, e seguindo co establecido na Resolución do 19 de xuño de 2020, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2020 (en diante R.19.06.2020) e, segundo as Resolucións do 31 de maio de 2019 e 3 de agosto de 2018 (en diante R.31.05.2019 e R.03.08.2018 respectivamente), o Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD106/2018), emítese o seguinte informe proposta:

ANTECEDENTES

Xerais

As vivendas sociais da Barriada Álvarez en Santa Clara, foron adquiridas polo Grupo de Empresas Álvarez, S.A. (GEA) mediante escritura pública susbscrita o 26 de febreiro de 1985 perante notario. O vendedor era o IPPV que transmitiu as 96 unidades destinadas á GEA pola contía de 3.875.406 pts.

As vivendas construídas en 1944 forman 16 bloques de tres andares e obtiveron a súa cualificación definitiva de Vivendas Protexidas pola resolución da Dirección Xeneral do IPPV en 1951.

En novembro de 2010 celebrouse unha poxa pública das 96 vivendas propiedade da empresa que finalmente foron adquiridas polos propietarios actuais.

O perímetro desta área recolle, como xa se dixo anteriormente, un total de 96 vivendas, inferior ás fixadas no artigo 46 do RD 2066/2008 polo que require do acordo de aceptación da excepcionalidade do cumprimento do número mínimo de vivendas dentro da ARI nunha Comisión Bilateral de seguimento entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia, quedando suficientemente xustificada a delimitación deste ámbito ao non ter ningunha relación co entorno máis próximo e ser en si mesmas un conxunto delimitado no PXOM de



Concello de Vigo

Vigo como área de ordenanza específica de edificios singulares, cuxo perímetro está perfectamente definido e pechado. É ademais unha zona que se atopa cunhas patoloxías importantes, que fai necesaria a súa intervención e rehabilitación urxente.

En sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo do día 26 de novembro de 2012, e contido no expediente 585/431/2012 consta a memoria para a solicitude de declaración de ARI, que resulta aprobada a petición e se remite a solicitude de Declaración de Área de Rehabilitación Integral do Grupo de Casas de Santa Clara, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Pero tal Declaración non ten tramitación no Organismo Autónomo IGVS dentro do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

SITUACIÓN ACTUAL

En data 22 de xullo de 2015 a presidencia do IGVS emite Resolución de declaración de Área de Rehabilitación Integral á solicitude do Concello de Vigo para o ámbito do Grupo de Casas de Santa Clara, Cabral en Vigo clasificada como ARI Xeral.

O 27.10.2015 asínase un convenio de obxectivos 2015 para a fase 1ª das Casas de Santa Clara, o 10.06.2016, e o 26.10.2017, 14.12.2018 e 18.03.2020, asínanse addendas para ampliación do número de actuacións deste convenio e prazo para realizar un total de 24 actuacións de rehabilitación.

En data 26.10.2017 asínase un convenio de obxectivos 2017 para a fase 2ª das Casas de Santa Clara, a para un total de 15 actuacións de rehabilitación e 14.12.2018 e 18.03.2020 asínanse addendas para ampliación de número de actuacións ou prazo da súa vixencia, en total son 25 actuacións.

O convenio da fase 3 asinouse o 26.10.2018, para un total de 36 actuacións de rehabilitación. Están seleccionadas 11 actuacións.

Como consecuencia destes acordos asinados, a día de hoxe contabilizamos 23 actuacións rematadas e 5 actuacións en execución.

O Concello de Vigo, pon moito énfasis no cumprimento dos prazos e dos obxectivos que se asinan no marco dos Plan de Vivenda e Rehabilitación.

Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

Relativos ó planeamento urbanístico

O ámbito delimitado de acordo coa delimitación xa reflectida no PXOM con aprobación definitiva parcial por Orde da Consellería de Política Territorial de data 16 de maio de 2008, e aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde anterior pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de Xullo de 2009 para o Concello de Vigode Vigo, estaba clasificado como SOLO URBANO CONSOLIDADO como ordenanza 8 de conxuntos reformables, ocupa unha superficie de 8.795,76 m², e espállase polas rúas Ramón Nieto e Barriada Santa Clara e servíu de base para a declaración de ARI.

Esta ordenanza regulaba áreas urbanas con tipoloxía edificatoria propia das vivendas de promoción pública, como neste caso, de vivendas construídas a petición dunha empresa para acoller aos seus traballadores, polo ministerio de industria na súa época.

O ámbito así determinado denomínase Grupo de Casas de Santa Clara, pero no PXOM non se establecía medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria por ser un grupo de vivendas concebido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

O ámbito é, polo tanto, un continuo ordenado, escasamente integrado no seu contorno.

O PXOM de 2008 quedou derogado por senteza do TSX o 10.11.2015 polo que está en vigor o PXOU de 1993, sendo de aplicación a ordenanza 1.2.B, residencial de edificación aberta de media intensidade.

Encóntrase a unha altitude aproximada de 99.20 m sobre o nivel do mar e está localizado dentro da delimitación do código postal 36205.

Segundo a memoria que serviu para a declaración de ARI, o orzamento necesario para a rehabilitación do parque de vivendas ascendía á cantidade de 3.428.403 euros para o total das 96 vivendas incluídas e os costes de reurbanización, ascenderían a 635.218 euros.

ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL (ARIX)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de xullo, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servizos e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretendía era coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 9 do D18/2014, correspónderase cunha Área de Rehabilitación Integral Xeral por non estar dentro dun conxunto histórico nin nun concello de menos de 5.000 habitantes.

PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en



Concello de Vigo

materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen es asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.

- Polo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas descritas no ordinal vixésimo primeiro do R.19.06.2020, serán:

- Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.

- A contía máxima das axudas contidas no Real decreto 106/2018, non poderá exceder, de forma individualizada, o 40 % do custe subvencionable da actuación, agás para o realoxamento das familias e para o financiamento do custe de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social, nos cales non operará este límite porcentual.

- Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 % cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM. Aplicarase esta mesma porcentaxe cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

- Axuda unitaria máxima determinarase atendendo ao custe total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas, que contén coa súa correspondente referencia catastral, polas axudas unitarias establecidas a seguir:

- Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018.

- Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, de mellora na segurida-

de de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do RD 106/2018, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.a) do dito real decreto e no ordinal décimo noveno da R.19.06.2020.

- No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, as contías sinaladas máis arriba incrementaranse con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declarados ben de interese cultural (en diante, BIC), catalogados ou que contenen con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicárase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións sinaladas nas letras a) e b) deste punto 2 da R.19.06.2020.

- Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída.

- Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

- Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo 3 anos, para actuacións de realoxamento temporal.

- Ata 1.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída, para financiar o custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral e cada actuación no prazo indicado na súa cualificación provisional.

PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

De conformidade co ordinal vixésimo segundo da R.19.06.2020 publicada o día 30 de xuño no Diario Oficial de Galicia, establece as seguintes subvencións con cargo ao financiamento autonómico:

- Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación sen que a subvención poida exceder do 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima aplicarase por vivenda,

- Ata 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha delas financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.



Concello de Vigo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 30.07.2018 asínase o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade autónoma de Galicia que publícase mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda o 31 de xullo de 2018.

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS

A R.19.06.2020, recolle no seu ordinal noveno a participación dos concellos no programa, que non obtiveran financiamento o se o obtiveron con cargo a convocatorias anteriores, o IGVS poderá establecer limitacións a participación respecto delas.

O acordo específico que se asine levará o compromiso de que o concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán segundo a R.19.06.2020.

A R.19.06.2020 establece no seu ordinal décimo sexto e seguintes, a comprobación de datos, a instrución do procedemento, etc.

No seu ordinal décimo oitavo se establecen as actuacións subvencionables:

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no citado artigo.

2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:

a) As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.

b) As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.

c) As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:

– En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable dos escurmentos urbanos, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.

– En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.

– En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.

– En materia de protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.

5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción, en substitución doutros previamente demolidos. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exigencias do Código técnico da edificación.

6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras edificacións demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do gozo dunha vivenda digna nun contexto integrador.

7. Así mesmo, serán subvencionables:

a) Os custos dos programas de realoxamento temporal das persoas ocupantes de inmobles que deban ser desaloxadas da súa vivenda habitual ou, de ser o caso, de que ocupasen unha infravivenda ou unha chabola, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes na súa nova contorna.

b) Os gastos de equipamento e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.



Concello de Vigo

PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2020 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2020 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.19.06.2020, certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e o compromiso de actuar como entidade xestora das actuacións, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación e certificado da persoa titular da Secretaría municipal do Concello de que a ARI, tras obter financiamento, realizouse a correspondente convocatoira así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de cada acordo da ARI.

En data 12.04.2019, o Concello de Vigo, publica no BOP nº 72, as Bases Reguladoras das axudas para a convocatoria pública de axudas con financiamento no Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e nos BOP nº 75 de 17 de abril de 2019 publícase a 1ª convocatoria e no BOP nº 211 de 4 de novembro de 2019 publícase a 2ª convocatoria para a Fase 3 de Casas de Santa Clara.

Resultado destas convocatorias é que hai 11 actuacións de rehabilitación seleccionadas e está pendente de aprobarse unha terceira convocatoria para o financiamento dispoñible de 65.665,12€ do Ministerio e 13.926€ da Xunta de Galicia.

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a solicitude de participación da **Área de Rehabilitación Integral Xeral de Casas de Santa Clara** para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2020 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACION	Nº DE ACTUACION	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCE-LLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICU-LAR
REHABILITACIÓN	84.000,00	12	54.600,00	8.400,00	0	0	21.000
EDIFICACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
REURBANIZACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
EQUIPO TÉCNICO	23.750,00		8.400,00	8.400,00	6.950,00	0,00	0,00
REALOXOS	0		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	107.750,00	12	63.000,00	16.800,00	6.950,00	0,00	21.000,00
%	100,00		58,47	15,59	6,45	0,00	19,49

A presente proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contidas no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendentes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

E posteriormente, unha vez notificado por parte do IGVS o financiamento dispoñible ao Concello Vigo, este achegará a documentación necesaria para a formalización dos acordos específicos, de conformidade co artigo 52 do RD 106/2018.

En consecuencia, propónse ao Alcalde do Concello de Vigo, por proposta da Concelleira delegada de Urbanismo, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Confirmar a participación na anualidade 2020 no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 da “Área de Rehabilitación Integral Xeral de Casas de Santa Clara”, segundo as actuacións recollidas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACIÓN	Nº DE ACTUACIONES	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICULAR
REHABILITACIÓN	84.000,00	12	54.600,00	8.400,00	0	0	21.000
EDIFICACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
REURBANIZACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
EQUIPO TÉCNICO	23.750,00		8.400,00	8.400,00	6.950,00	0,00	0,00
REALOXOS	0		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	107.750,00	12	63.000,00	16.800,00	6.950,00	0,00	21.000,00
%	100,00		58,47	15,59	6,45	0,00	19,49

SEGUNDO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello de Vigo para a financiación das actuacións de rehabilitación, de equipamento e das oficinas de información, xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionadas para a área con financiamento estatal e autonómico.

TERCEIRO.- Compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico.

CUARTO.- Remitir ao IGVS a certificación destes acordos, xunto co Anexo I, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, a certificación de ter realizado convocatoria así como o grao de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de anualidades anteriores dentro do PEV 2018-2021, para a participación na anualidade 2020 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de Vivenda 2018-2021, para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación.”

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 14/07/2020, acordou “elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

11(584).- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2020 NO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021, DA “ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL BUEU-MOAÑA, POLÍGONO DE COIA – VIGO”. EXPTE. 3378/431.

Dáse conta do informe-proposta do 09/07/2020, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación, e polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Como parte do procedemento de solicitude de na anualidade 2020 do programa de fomento rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, da “**Área de Rehabilitación Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia – Vigo**”, e seguindo co establecido na Resolución do 19 de xuño de 2020, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2020 (en diante R.19.06.2020) e, segundo as Resolucións do 31 de maio de 2019 e 3 de agosto de 2018 (en diante R.31.05.2019 e R.03.08.2018 respectivamente), o Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD106/2018), emítase o seguinte informe proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

As 360 vivendas de promoción pública incluídas no ámbito inicialmente declarado, pertencen a dúas actuacións de VPP construídas nos anos 1968 e 1973 e o forman 45 bloques de catro plantas e 8 vivendas, o primeiro grupo obtivo a súa cualificación provisional de Vivendas Protexidas en 05/01/1968 e o segundo grupo el 14/07/1973 a cualificación definitiva pola resolución da Dirección Xeral do Ministerio de Vivenda. O perímetro desta área recolle unha cantidade superior de vivendas ás 100 vivendas fixadas no artigo 46 do RD 2066/2008.

Logo de diversos contactos entre o IGVS, as asociacións de veciños e o Concello de Vigo, se chega a tramitación dun Plan Especial para a mellora da accesibilidade a á declaración de ARI o 22 de xullo de 2015.

O Concello de Vigo plantexa a solicitude de ampliación do ámbito de 1000 vivendas, e unha superficie de **70.411,10** m². O 22.12.2018 declárase a ampliación de Coia como ARI o que supón unha superficie total de 96.733,22 m² e 1360 vivendas.

Os representantes veciñais do barrio buscan dende fai moitos anos unha solución ao problema de accesibilidade das vivendas dado o envellecemento da poboación e os crecentes problemas de accesibilidade aos pisos.

Neste intre, están en vigor convenios e addendas asinados o 27.10.2015, 26.10.2017, 4.07.2018, 26.10.2018 e 14.12.2018 para as fases 1, 2 e 3 da “Área de Rehabilitación

Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia – Vigo” segundo o PE 2013-2016, a súa prórroga e o PEV 2018-2021.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, o 10.06.2019 publica no DOG, a R.31.05.2019 que xunto coa R.03.08.2018, e o RD 106/2018 regulan o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na Comunidade autónoma de Galicia.

Na última Resolución, se establece un prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación, para que se proceda a remisión dunha solicitude segundo o modelo establecido para participar no Programa por cada unha das ARIs que se queiran incorporar a este programa, un certificado do acordo municipal de solicitar a participación co compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico, os impresos do Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, de acordo co apartado cinco de documentación complementaria, e neste caso, ademais, un certificado do titular da Secretaría municipal do Concello conforme a ARI tivo financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do PEV 2018-2021 e xa está comprometido.

Relativos ó planeamento urbanístico

Redactouse un Plan Especial de Protección de Rehabilitación e reurbanización de espazos interiores, (a partir de agora PEPREI de Coia), pola arquitecta Cristina Cameselle Solá, que conta con aprobación definitiva no Pleno do Concello de Vigo do 28/10/2013.

O ámbito do ARI, delimitado de acordo coa reflectida no PEPREI COIA de Vigo, ocupa unha superficie de 26.322,22 m², e se estende polas rúas Bueu, Moaña, Camiño da Raposa e Vilagarcía de Arousa.

A área está dentro do Polígono de Coia dos anos 70 donde se sitúan as promocións de vivenda pública máis importantes en número e extensión do Concello de Vigo, pero no PXOM de 2008 non se establecían medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria ao ser un grupo de vivendas concebido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

O ámbito é, polo tanto, un continuo ordenado, con problemas de integración no seu contorno, so mantén un certo diálogo co resto do polígono de Coia por ter un tratamento semellante nas edificacións e nos espazos libres.

O PXOM de 2008 quedou derogado por senteza do TSX o 10.11.2015 polo que está en vigor o PXOU de 1993, sendo de aplicación a ordenanza 1.2.A, residencial de edificación aberta de alta intensidade.

2. SITUACIÓN ACTUAL

En data 22 de xullo de 2015 a presidencia do IGVS emite Resolución de declaración de Área de Rehabilitación Integral á solicitude do Concello de Vigo para o ámbito das rúas Bueu-Moaña no Polígono de Coia en Vigo clasificada como ARI Xeral.

En data 06/02/2015 celébrase unha Comisión Bilateral de Vivenda na que se acorda un reparto para a financiación das ARIs da Comunidade Autónoma de Galicia.

En data 27.10.2015, asínase o convenio para a fase 1^a das rúas Bueu-Moaña no Polígono de Coia en Vigo por un total de 48 actuacións de rehabilitación, ampliadas posteriormente a



Concello de Vigo

101 mediante os acordos recollidos nas addendas asinadas o 10.06.2016, 26.10.2017, 14.12.2018 e 18.03.2020. Quedan dispoñibles 32 actuacións e 148.670,60€ de financiamento do Ministerio de Fomento.

En data 26.10.2017, asínase o convenio para a fase 2ª das rúas Bueu-Moaña no Polígono de Coia en Vigo por un total de 50 actuacións de Rehabilitación, posteriormente recollidas nas addendas asinadas o 04.07.2018, 14.12.2018 e 18.03.2020. Están rematadas 17 actuacións de rehabilitación e dispoñibles 33 (55.016,76€ + 17.777,40€).

O convenio da fase 3 asinouse o 26.10.2018 e addenda o 16.04.2020, para un total de 90 actuacións de rehabilitación ampliadas a 120 e 2 obras de urbanización. Estan seleccionadas 100 actuacións de rehabilitación, 17 rematadas en trámites administrativos de para a obtención da cualificación definitiva e as restantes en execución ou pendentes de inicio.

O convenio da fase 4 asinouse o 22.10.2019 para un total de 60 actuacións de rehabilitación. Esta aberta a convocatoria pública até o día 06.08.2020.

A día 08.07.2020 temos recibidas 9 solicitudes oficiais e 46 solicitudes de información e visita que, de solicitar todas as vivendas dos edificios con solicitude oficial, farían un total de 101 actuacións.

Como consecuencia destes acordos asinados, a día de hoxe contabilizamos 103 actuacións rematadas e 83 actuacións en execución. O Concello de Vigo, pon moito énfasis no cumprimento dos prazos e dos obxectivos que se asinan no marco dos Plan de Vivenda e Rehabilitación.

Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERÁL (ARIX)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural,

ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 9 do D18/2014, correspónderase cunha Área de Rehabilitación Integral Xeral por non estar dentro dun conxunto histórico nin nun concello de menos de 5.000 habitantes.

4. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o periodo 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen esuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.
- Polo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas descritas no ordinal vixésimo primeiro do R.19.06.2020, serán:

- Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.
 - A contía máxima das axudas contidas no Real decreto 106/2018, non poderá exceder, de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación, agás para o realoxamento das familias e para o financiamento do custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social, nos cales non operará este límite porcentual.
 - Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 % cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM. Aplicarase esta mesma porcentaxe cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da



Concello de Vigo

actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

•Axuda unitaria máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas, que contén coa súa correspondente referencia catastral, polas axudas unitarias establecidas a seguir:

•Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018.

•Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, de mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do RD 106/2018, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.a) do dito real decreto e no ordinal décimo noveno da R.19.06.2020.

•No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, as contías sinaladas máis arriba incrementaranse con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declarados ben de interese cultural (en diante, BIC), catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións sinaladas nas letras a) e b) deste punto 2 da R.19.06.2020.

•Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída.

•Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

•Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo 3 anos, para actuacións de realoxamento temporal.

•Ata 1.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída, para financiar o custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral e cada actuación no prazo indicado na súa cualificación provisional.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

De conformidade co ordinal vixésimo segundo da R.19.06.2020 publicada o día 30 de xuño no Diario Oficial de Galicia, establece as seguintes subvencións con cargo ao financiamento autonómico:

– Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación sen que a subvención poida exceder do 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima aplicarase por vivenda, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha delas.

– Ata 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 30.07.2018 asínase o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade autónoma de Galicia que publícase mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda o 31 de xullo de 2018.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS

A R.19.06.2020, recolle no seu ordinal noveno a participación dos concellos no programa, que non obtiveran financiamento o se o obtiveron con cargo a convocatorias anteriores, o IGVS poderá establecer limitacións a participación respecto delas.

O acordo específico que se asine levará o compromiso de que o concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán segundo a R.19.06.2020.

A R.19.06.2020 establece no seu ordinal décimo sexto e seguintes, a comprobación de datos, a instrución do procedemento, etc.

No seu ordinal décimo oitavo se establecen as actuacións subvencionables:

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no citado artigo.

2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento



Concello de Vigo

propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:

a) As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.

b) As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.

c) As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:

– En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable dos escorregamentos urbanos, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.

– En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.

– En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.

– En materia de protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.

5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción, en substitución doutros previamente demolidos. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exixencias do Código técnico da edificación.

6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras edificacións demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do gozo dunha vivenda digna nun contexto integrador.

7. Así mesmo, serán subvencionables:

a) Os custos dos programas de realoxamento temporal das persoas ocupantes de inmobles que deban ser desaloxadas da súa vivenda habitual ou, de ser o caso, de que ocupa-

sen unha infravivenda ou unha chabola, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes na súa nova contorna.

b) Os gastos de equipamento e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8. PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2020 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2020 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.19.06.2020, certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e o compromiso de actuar como entidade xestora das actuacións, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación e certificado da persoa titular da Secretaría municipal do Concello de que a ARI, tras obter financiamento, realizouse a correspondente convocatoira así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de cada acordo da ARI.

En data 12.04.2019, o Concello de Vigo, publica no BOP nº 72, as Bases Reguladoras das axudas para a convocatoria pública de axudas con financiamento no Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e nos BOP nº 75 de 17 de abril de 2019 publícase a 1ª convocatoria e no BOP nº 211 de 4 de novembro de 2019 publícase a 2ª convocatoria para a Fase 3 de rúas Bueu Moaña en Coia.

Resultado destas convocatorias é que hai 100 actuacións de rehabilitación e unha lista de espera pero a dispoñibilidade orzamentaria de 1.585,52 + 16.289,52€, non permite o seu financiamento.

En data 09.06.2020, o Concello de Vigo, publica no BOP nº 109, as Bases Reguladoras das axudas para a convocatoria pública de axudas con financiamento no Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e no BOP nº 118 de 22 de xuño de 2020 publícase a 1ª convocatoria para a fase 4ª.

Como indicamos anteriormente até o 08.07.2020 temos recibidas 9 solicitudes oficiais e 46 solicitudes de información e visita que, de solicitar todas as vivendas dos edificios con solicitude oficial, farían un total de 101 actuacións.



Concello de Vigo

A estimación que podemos facer a día de hoxe, é que estarán todas as actuacións asinadas en convenio de data 22.10.2019, comprometidas aínda que non temos datos do financiamento que estará comprometido ou será necesario para atender a todas as solicitudes unha vez pechado o prazo da convocatoria, polo que, considérase especialmente oportuno promover neste momento, a solicitude de participación da **Área de Rehabilitación Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia – Vigo** para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2020 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACION	Nº DE ACTUAC	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCE-LLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICU-LAR
REHABILITACIÓN	560.000,00	80	364.000,00	56.000,00	0,00	0,00	140.000,00
EDIFICACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
REURBANIZACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
EQUIPO TÉCNICO	76.000,00		32.000,00	32.000,00	12.000,00	0,00	0,00
REALOXOS	0,00		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	636.000,00	80	396.000,00	88.000,00	12.000,00	0,00	140.000,00
%	100,00		62,26	13,84	1,89	0,00	22,01

A presente proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contidas no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendentes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

E posteriormente, unha vez notificado por parte do IGVS o financiamento dispoñible ao Concello Vigo, este achegará a documentación necesaria para a formalización dos acordos específicos, de conformidade co artigo 52 do RD 106/2018.

En consecuencia, propónse ao Alcalde do Concello de Vigo, por proposta da Concelleira delegada de Urbanismo, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Confirmar a participación na anualidade 2020 no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 da “Área de Rehabilitación Integral Xeral Bueu-Moaña, do polígono de Coia – Vigo”, segundo as actuacións recollidas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACION	Nº DE ACTUAC	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCE-LLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICU-LAR
REHABILITACIÓN	560.000,00	80	364.000,00	56.000,00	0,00	0,00	140.000,00
EDIFICACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
REURBANIZACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
EQUIPO TÉCNICO	76.000,00		32.000,00	32.000,00	12.000,00	0,00	0,00

REALOXOS	0,00		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	636.000,00	80	396.000,00	88.000,00	12.000,00	0,00	140.000,00
%	100,00		62,26	13,84	1,89	0,00	22,01

SEGUNDO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello de Vigo para a financiación das actuacións de rehabilitación, de equipamento e das oficinas de información, xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionadas para a área con financiamento estatal e autonómico.

TERCEIRO.- Compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico.

CUARTO.- Remitir ao IGVS a certificación destes acordos, xunto co Anexo I, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, a certificación de ter realizado convocatoria así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de anualidades anteriores dentro do PEV 2018-2021, para a participación na anualidade 2020 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de Vivenda 2018-2021, para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación.”

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 14/07/2020, acordou “elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(585).- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2020 NO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021, DA “ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL DE BOUZAS” EN VIGO. EXPTE. 3377/431.

Dáse conta do informe-proposta do 09/07/2020, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Como parte do procedemento de solicitude de participación na anualidade 2020 do programa de fomento rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, da “**Área de Rehabilitación Xeral de Bouzas en Vigo**”, e seguindo co establecido na Resolución do 19 de xuño de 2020, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2020 (en diante R.19.06.2020) e, segundo as Resolucións do 31 de maio de 2019 e 3 de agosto de 2018 (en diante R.31.05.2019 e R.03.08.2018 respectivamente), o Real Decreto 106/2018 do 9



Concello de Vigo

de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD106/2018), emítese o seguinte informe proposta:

ANTECEDENTES

Xerais

En setembro de 2002 apróbase definitivamente o Plan especial de Protección e reforma interior do Casco Histórico de Bouzas.

En data 25 de marzo de 2003 o Casco Histórico de Bouzas en Vigo obtivo a declaración de "Área de Rehabilitación" pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

Este recoñecemento administrativo permitiu o desenvolvemento de accións específicas con financiamento público de Plans Estatais dende o ano 2004 ata a actualidade para conseguir a rehabilitación integral do conxunto.

Neste intre, están en vigor convenios e addendas asinados o 14.03.2015, 27.10.2015, 26.10.2017, 4.07.2018, 26.10.2018, 14.12.2018, 22.10.2019, 18.03.2020 e 16.04.2020 para as fases 8, 9, 10, 11 e 12 da ARI de Bouzas segundo o PE 2013-2016, a súa prórroga e o PEV 2018-2021.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, o 30.06.2020 publica no DOG, a R.19.06.2020 que xunto coas R.31.05.2019 e R.03.08.2018, e o RD 106/2018 regulan o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na Comunidade autónoma de Galicia.

Na última Resolución, se establece un prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación, para que se proceda a remisión dunha solicitude segundo o modelo establecido para participar no Programa por cada unha das ARIs que se queiran incorporar a este programa, un certificado do acordo municipal de solicitar a participación co compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico, os impresos do Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, de ser o caso, un certificado do titular da Secretaría municipal do Concello conforme a ARI tivo financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do PEV 2018-2021 e se realizou a correspondente convocatoria, así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido.

Históricos

O casco histórico de Bouzas, nace como unha estación non permanente da actividade pesqueira, lugar elixido polos pescadores para construír uns alpendres onde albergarse na boca da ría, consolidase coma asentamento estable no século XII. Bouzas evolucionou en permanente competencia con Vigo conseguindo o privilexio de carga e descarga da sal e salazón de pescado con alfolí propio.

Foi adxudicada á Mitra de Tui en 1371 e obtivo a condición de concello propio dende o século XVI, recibindo en 1778 do rei Carlos III o título de "villa".

En 1843 o municipio de Bouzas tiña 12 km² de territorio. As actividades na villa eran as de construción de buques menores, fabricación de hilados, salazón de sardiñas e outros oficios.

No ano 1904 e mediante un decreto publicado na Gaceta Oficial foi anexionada definitivamente ao Concello de Vigo.

O seu carácter histórico contrasta coa súa degradación física e a progresiva perda dos valores mariñeiros, coa integración na cidade de Vigo coma un barrio máis.

A desaparición das súas actividades económicas tradicionais, a hiperespecialización en actividades portuarias a gran escala e a formación de grandes actuacións urbanísticas de reforma interior no seu entorno.

Relativos ó planeamento urbanístico

O ámbito delimitado e coincidente coa delimitación xa reflectida no PEPRI de Bouzas, conta con Declaración de "Área de rehabilitación Integral" dende o 22 de marzo de 2003.

O ámbito inclúe unha superficie total de 13,89 Ha, e afecta a un número total de 500 vivendas.

O concello de Vigo aprobou o PEPRI de Bouzas en setembro de 2002 xa que considerou importante a rehabilitación deste barrio para a súa incorporación á cidade de Vigo recuperando e potenciando a súa identidade.

SITUACIÓN ACTUAL

Dende o ano 2004 até a actualidade asináronse acordos de diferentes Plans de Vivenda para un total de 12 fases para conseguir a rehabilitación integral da Área de Rehabilitación de Bouzas en Vigo.

Como quedou indicado anteriormente, na actualidade están en período de execución actuacións no marco dos convenios e addendas das Fases 8, 9, 10, 11 e 12 de Bouzas.

Do convenio de incorporación ao PE 2013-2016, a fase 8 asinouse para un total de 11 actuacións de Rehabilitación contando cunha achega do Ministerio de Fomento para as obras de rehabilitación de 55.000€, das que están executadas 5 actuacións.

En data 27/10/2015, asínase o convenio para a fase 9 da ARI declarada de Bouzas por un total de 20 actuacións de rehabilitación, ampliadas posteriormente ata 55 actuacións de rehabilitación mediante acordos recollidos nas addendas asinadas o 10/06/2016, 26.10.2017, 04.07.2018, 14.12.2018 e 18.03.2020. Esta fase ten 4 actuacións que están pendentes de anulación por diversos motivos e 1 actuación pendente de remate da tramitación administrativa.

O convenio da fase 10 asinouse para un total de 30 actuacións de rehabilitación, 1 de edificación e obras de urbanización, ampliadas posteriormente ata 100 actuacións de rehabilitación e 2 de edificación mediante acordos recollidos nas addendas asinadas o 04.07.2018, 14.12.2018 e 18.03.2020. Esta fase ten 98 actuacións rematadas.

O convenio da fase 11 asinouse o 26.10.2018 e addenda o 16.04.2020, para un total de 50 actuacións de rehabilitación, 6+1 de edificación e 2 obras de urbanización. Están seleccionadas 43 actuacións de rehabilitación e 7 de edificación, todas elas en execución ou pendentes de licenza.

O convenio da fase 12 asinouse o 22.10.2019 para un total de 20 actuacións de rehabilitación e 3 de edificación. Esta aberta a convocatoria pública até o día 06.08.2020.



Concello de Vigo

A día 08.07.2020 temos recibida 1 solicitude oficial para obra de edificación e 8 solicitudes de información e visita.

O Concello de Vigo, pon moito énfasis no cumprimento dos prazos e dos obxectivos que se asinan no marco dos Plan Estatais destinados á Vivenda e Rehabilitación.

Como consecuencia destes acordos asinados, a día de hoxe contabilizamos 389 actuacións de rematadas e 43 actuacións en obra ou pendestes de licenza.

Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARI teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretendía era coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 9 do D18/2014, correspónderase cunha Área de Rehabilitación Integral de Conxunto Histórico por estar dentro dun conxunto histórico, conta cun plan de especial protección con máis de 50 vivendas.

PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou

reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen es auman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.
- Polo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas descritas no ordinal vixésimo primeiro do R.19.06.2020, serán:

- Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.
- A contía máxima das axudas contidas no Real decreto 106/2018, non poderá exceder, de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación, agás para o realoxamento das familias e para o financiamento do custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social, nos cales non operará este límite porcentual.
- Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 % cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM. Aplicarase esta mesma porcentaxe cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.
- Axuda unitaria máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas, que contén coa súa correspondente referencia catastral, polas axudas unitarias establecidas a seguir:
- Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018.
- Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, de mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do RD 106/2018, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.a) do dito real decreto e no ordinal décimo noveno da R.19.06.2020.



Concello de Vigo

- No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, as contías sinaladas máis arriba incrementaríanse con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declarados ben de interese cultural (en diante, BIC), catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións sinaladas nas letras a) e b) deste punto 2 da R.19.06.2020.
- Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída.
- Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.
- Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo 3 anos, para actuacións de realoxamento temporal.
- Ata 1.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída, para financiar o custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral e cada actuación no prazo indicado na súa cualificación provisional.

PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

De conformidade co ordinal vixésimo segundo da R.19.06.2020 publicada o día 30 de xuño no Diario Oficial de Galicia, estableceuse as seguintes subvencións con cargo ao financiamento autonómico:

- Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación sen que a subvención poida exceder do 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima aplicarase por vivenda, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha delas.
- Ata 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 30.07.2018 asínase o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade autónoma de Galicia que publícase mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda o 31 de xullo de 2018.

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL

A R.19.06.2020, recolle no seu ordinal noveno a participación dos concellos no programa, que non obtiveran financiamento o se o obtiveron con cargo a convocatorias anteriores, o IGVS poderá establecer limitacións a participación respecto delas.

O acordo específico que se asine levará o compromiso de que o concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán segundo a R.19.06.2020.

A R.19.06.2020 establece no seu ordinal décimo sexto e seguintes, a comprobación de datos, a instrución do procedemento, etc.

No seu ordinal décimo oitavo se establecen as actuacións subvencionables:

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no citado artigo.

2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:

a) As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.

b) As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.

c) As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:

– En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable dos escorregamentos urbanos, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.



Concello de Vigo

– En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.

– En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.

– En materia de protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.

5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción, en substitución doutros previamente demolidos. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exigencias do Código técnico da edificación.

6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras edificacións demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do gozo dunha vivenda digna nun contexto integrador.

7. Así mesmo, serán subvencionables:

a) Os custos dos programas de realoxamento temporal das persoas ocupantes de inmobles que deban ser desaloxadas da súa vivenda habitual ou, de ser o caso, de que ocupasen unha infravivenda ou unha chabola, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes na súa nova contorna.

b) Os gastos de equipamento e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2020 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2020 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.19.06.2020, certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e o compromiso de actuar como entidade xestora das actuacións, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación e certificado da persoa titular da Secretaría municipal do Concello de que a ARI, tras obter financiamento, realizouse a correspondente convocatoira así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de cada acordo da ARI.

En data 12.04.2019, o Concello de Vigo, publica no BOP nº 72, as Bases Reguladoras das axudas para a convocatoria pública de axudas con financiamento no Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e nos BOP nº 75 de 17 de abril de 2019 publícase a 1ª convocatoria e no BOP nº 211 de 4 de novembro de 2019 publícase a 2ª convocatoria para a Fase 11 de Bouzas.

Resultado destas convocatorias é que hai 43 actuacións de rehabilitación e 7 de edificación cun compromiso de crédito de 346.508,03 do Ministerio e 29.711,46€ da Xunta de Galicia, quedan dispoñibles 7 actuacións de rehabilitación (22.491,97 + 15.288,54€), con esa dispoñibilidade orzamentaria, está prevista a apertura dunha 3ª convocatoria só para obras de rehabilitación. 1 actuación de edificación en lista de espera.

En data 09.06.2020, o Concello de Vigo, publica no BOP nº 109, as Bases Reguladoras das axudas para a convocatoria pública de axudas con financiamento no Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e no BOP nº 118 de 22 de xuño de 2020 publícase a 1ª convocatoria para a fase 12.

Como indicamos anteriormente, até o 08.07.2020 temos recibidas 1 solicitude oficial para obra de edificación e 8 solicitudes de información e visita.

Coas solicitudes recibidas até o momento, non podemos facer unha estimación de financiamento nin de número de actuacións necesario para cubrir a demanda, haberá que agardar ao remate da convocatoria.

Polo anteriormente exposto, para a sinatura de novos convenios, o número de actuacións e financiamento, é reducido aínda que, considérase especialmente oportuno promover neste momento, a solicitude de participación da **Área de rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas en Vigo** para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2020 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACIÓN	Nº DE ACT	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCE-LLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICU-LAR
REHABILITACIÓN	210.400,00	20	87.316,00	21.040,00	0,00	0,00	102.044,00
EDIFICACIÓN	225.000,00	3	90.000,00	0,00	0,00	0,00	135.000,00



Concello de Vigo

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACIÓN	Nº DE ACT	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCE-LLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICU-LAR
REURBANIZA-CIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
EQUIPO TÉCNICO	38.000,00		16.100,00	16.100,00	5.800,00	0,00	0,00
REALOXOS	0,00		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	473.400,00	23	193.416,00	37.140,00	5.800,00	0,00	237.044,00
%	100,00		40,86	7,85	1,23	0,00	50,07

A presente proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contidas no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendentes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

E posteriormente, unha vez notificado por parte do IGVS o financiamento dispoñible ao Concello Vigo, este achegará a documentación necesaria para a formalización dos acordos específicos, de conformidade co artigo 52 do RD 106/2018.

En consecuencia, propónse ao Alcalde do Concello de Vigo, por proposta da Concelleira delegada de Urbanismo, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Confirmar a participación na anualidade 2020 no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 da “Área de Rehabilitación de Bouzas”, segundo as actuacións recollidas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACIÓN	Nº DE ACT	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCE-LLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICU-LAR
REHABILITA-CIÓN	210.400,00	20	87.316,00	21.040,00	0,00	0,00	102.044,00
EDIFICACIÓN	225.000,00	3	90.000,00	0,00	0,00	0,00	135.000,00
REURBANIZA-CIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
EQUIPO TÉCNICO	38.000,00		16.100,00	16.100,00	5.800,00	0,00	0,00
REALOXOS	0,00		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	473.400,00	23	193.416,00	37.140,00	5.800,00	0,00	237.044,00
%	100,00		40,86	7,85	1,23	0,00	50,07

SEGUNDO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello de Vigo para a financiación das actuacións de rehabilitación, edificación, de equipamento e das oficinas de información, xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionadas para a área con financiamento estatal e autonómico.

TERCEIRO.- Compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico.

CUARTO.- Remitir ao IGVS a certificación destes acordos, xunto co Anexo I, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, a certificación de ter realizado convocatoria así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de anualidades anteriores dentro do PEV 2018-2021, para a participación na anualidade 2020 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de Vivenda 2018-2021, para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación.”

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 14/07/2020, acordou “elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(586).- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2020 NO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021, DA “ÁREA DE REHABILITACIÓN DE CONXUNTO HISTÓRICO DO CASCO VELLO” DE VIGO. EXPTE. 3376/431.

Dáse conta do informe-proposta do 09/07/2020, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación, e polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Como parte do procedemento de solicitude de participación na anualidade 2020 do programa de fomento rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, da “**Área de Rehabilitación de Conxunto Histórico do Casco Vello de Vigo**”, e seguindo co establecido na Resolución do 19 de xuño de 2020, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2020 (en diante R.19.06.2020) e, segundo as Resolucións do 31 de maio de 2019 e 3 de agosto de 2018 (en diante R.31.05.2019 e R.03.08.2018 respectivamente), o Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante RD106/2018), emítese o seguinte informe proposta:

1. ANTECEDENTES

Xerais

En data 29 de setembro de 1997 o Casco Vello de Vigo obtivo a declaración de “Área de Rehabilitación Integral” coincidente coa delimitación de Centro Histórico outorgado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

En abril de 2007 apróbase definitivamente o Plan Especial de Protección e reforma interior do Centro Histórico do Casco Vello de Vigo.



Concello de Vigo

Este recoñecemento administrativo permitiu o desenvolvemento de accións específicas con financiamento público de Plans Estatais dende o ano 2000 até a actualidade para conseguir a rehabilitación integral do conxunto.

Hoxe, están en vigor convenios e addendas asinados o 14.03.2015, 27.10.2015, 26.10.2017, 4.07.2018, 26.10.2018, 14.12.2018, 22.10.2019 e 18.03.2020 para as fases 13, 14, 15, 16 e 17 do Casco Vello segundo o PE 2013-2016, a súa prórroga e o PEV 2018-2021.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, o 30.06.2020 publica no DOG, a R.19.06.2020 que xunto coas R.31.05.2019 e R.03.08.2018, e o RD 106/2018 regulan o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 na Comunidade autónoma de Galicia.

Na última Resolución, se establece un prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación, para que se proceda a remisión dunha solicitude segundo o modelo establecido para participar no Programa por cada unha das ARIs que se queiran incorporar a este programa, un certificado do acordo municipal de solicitar a participación co compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico, os impresos do Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, de ser o caso, un certificado do titular da Secretaría municipal do Concello conforme a ARI tivo financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do PEV 2018-2021 e se realizou a correspondente convocatoria, así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido.

Históricos

O barrio histórico de Vigo (máis coñecido como Casco Vello), do mesmo xeito que os centros históricos do resto de cidades galegas, estrutúrase a partir do antigo recinto amurallado e os seus barrios extramuros, comprendendo unha extensión de 21,84 hectáreas.

A pesar da súa céntrica posición xeográfica na cidade, o barrio histórico desempeñou un papel secundario a respecto da centralidade funcional de Vigo. O desenvolvemento da cidade, que tivo lugar durante o pasado século, foi desprazando progresivamente o seu centro funcional desde a antiga cidade amurallada cara o leste. Porén, a presenza do porto pesqueiro do Berbés, e o seu correspondente barrio dentro da cidade histórica, mantiveron actividades que asemade preservaron certo carácter de centralidade económica vencellada á actividade portuaria en xeral e turística ligada ao mercado da Pedra.

Cunha estrutura urbana conservada de forma desigual segundo as zonas, o desprazamento do centro económico e o escaso interese que durante un longo período amosou a cidade pola súa valoración cultural, propiciou un progresivo deterioro urbano que concluíu cunha importante degradación do seu casarío e dos espazos públicos, que se acompañou desde 1950 cun proceso de avellentamento da poboación residente, despoboamento residencial e aumento abusivo da terciarización que deu lugar a unha perda da identidade urbana e social da zona, con manifestacións de marxinação e exclusión social.

Relativos ó planeamento urbanístico

Actualmente, a Área de Rehabilitación Casco Vello de Vigo coincide cos límites do PERI (Plan Especial de Reforma Interior de 1991) do Casco Vello tal e como foi delimitado no PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aínda así o PEPRI (aprobado definitivamente polo Pleno do Concello, en sesión do 12 de abril de 2007, publicado no B.O.P. Nº 96 do 18 de maio de 2007) contempla unha pequena ampliación do ámbito (un

cuarteirón de edificación máis) e a proposta de ampliación (e conseguinte modificación do PXOM) cara outras partes do Ensanche.

O ámbito considerado foi declarado Ben de Interese Cultural, coa categoría de Conxunto Histórico Artístico, segundo Decreto 136/2006, do 27 de xullo, (DOG nº 161, de 22 de agosto de 2006).

Segundo o PEPRI, o orzamento necesario para a rehabilitación do parque de vivendas ascendía á cantidade de 58.656.010 euros para o total das 2.139 vivendas incluídas.

2. SITUACIÓN ACTUAL

Dende o ano 2000 ata a actualidade asináronse acordos de diferentes Plans de Vivenda para un total de 17 fases co fin de conseguir a rehabilitación integral da Área de Rehabilitación de Conxunto histórico do Casco Vello de Vigo.

Na actualidade están en periodo de execución actuacións no marco dos convenios e addendas das Fases 13, 14, 15, 16 e 17 de Casco Vello de Vigo.

Do convenio de incorporación ao PE 2013-2016 da fase 13 están rematadas as últimas 7 actuacións.

En data 27/10/2015, asínase o convenio para a fase 14 da ARI declarada do Casco Vello de Vigo por un total de 50 actuacións de rehabilitación, ampliadas posteriormente ata 115 actuacións de rehabilitación mediante acordos recollidos nas addendas asinadas o 10/06/2016, 26.10.2017, 04.07.2018, 14.12.2018 e 18.03.2020. Esta fase ten 8 actuacións pendentes de remate.

O convenio da fase 15 asinouse para un total de 60 actuacións de rehabilitación, 3 de edificación e obras de urbanización, ampliadas posteriormente ata 90 actuacións de rehabilitación mediante acordos recollidos nas addendas asinadas o 04.07.2018, 14.12.2018 e 18.03.2020. Esta fase ten 2 actuacións pendentes de remate.

O convenio da fase 16 asinouse o 26.10.2018 para un total de 90 actuacións de rehabilitación, 6 de edificación e 2 obras de urbanización. 8 actuacións están rematadas, 65 en execución ou pendentes de licenza.

O convenio da fase 17 asinouse o 22.10.2019 para un total de 40 actuacións de rehabilitación e 2 de edificación. Esta aberta a convocatoria pública até o día 06.08.2020. A día 08.07.2020 temos recibidas solicitudes oficiais para un total de 15 actuacións e solicitudes de información e visita que, de solicitar todas, farían un total de 55 actuacións.

O Concello de Vigo, pon moito énfasis no cumprimento dos prazos e dos obxectivos que se asinan no marco dos Plan Estatais destinados á Vivenda e Rehabilitación.

Como consecuencia destes acordos asinados, a día de hoxe contabilizamos 1025 actuacións de rematadas e 75 actuacións en obra ou pendentes de licenza.

Para a administración local resulta fundamental o mantemento de actuacións dentro dos fins públicos para a seguridade das edificacións, da calidade de vida e do cumprimento das normativas de aplicación en materia de vivenda, edificacións, etc.

3. ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranguer zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma,



Concello de Vigo

previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARIs teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretendía era coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

Segundo o artigo 9 do D18/2014, correspónderase cunha Área de Rehabilitación Integral de Conxunto Histórico por estar dentro dun conxunto histórico, conta cun plan de especial protección con máis de 50 vivendas.

4. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen es asumam a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

- Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.
- Polo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de

rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

As contías máximas das axudas descritas no ordinal vixésimo primeiro do R.19.06.2020, serán:

- Porcentaxe subvencionable do custe da actuación.
- A contía máxima das axudas contidas no Real decreto 106/2018, non poderá exceder, de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación, agás para o realoxamento das familias e para o financiamento do custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social, nos cales non operará este límite porcentual.
- Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 % cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM. Aplicarase esta mesma porcentaxe cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.
- Axuda unitaria máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas, que contén coa súa correspondente referencia catastral, polas axudas unitarias establecidas a seguir:
- Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018.
- Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, de mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do RD 106/2018, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.a) do dito real decreto e no ordinal décimo noveno da R.19.06.2020.
- No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, as contías sinaladas máis arriba incrementaranse con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declarados ben de interese cultural (en diante, BIC), catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións sinaladas nas letras a) e b) deste punto 2 da R.19.06.2020.
- Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída.



Concello de Vigo

- Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.
- Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo 3 anos, para actuacións de realoxamento temporal.
- Ata 1.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída, para financiar o custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse no prazo máximo de cinco anos desde a suscripción do Acordo da Comisión Bilateral e cada actuación no prazo indicado na súa cualificación provisional.

5. PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE REHABILITACIÓN

De conformidade co ordinal vixésimo segundo da R.19.06.2020 publicada o día 30 de xuño no Diario Oficial de Galicia, establece as seguintes subvencións con cargo ao financiamento autonómico:

– Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación sen que a subvención poida exceder do 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima aplicarase por vivenda, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha delas.

– Ata 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O 30.07.2018 asínase o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade autónoma de Galicia que publícase mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Vivenda o 31 de xullo de 2018.

7. BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL

A R.19.06.2020, recolle no seu ordinal noveno a participación dos concellos no programa, que non obtiveran financiamento o se o obtiveron con cargo a convocatorias anteriores, o IGVS poderá establecer limitacións a participación respecto delas.

O acordo específico que se asine levará o compromiso de que o concello actúe como órgano xestor das actuacións e establecerá o financiamento máximo previsto en cada área de rehabilitación, as súas anualidades de financiamento así como os demais compromisos que asumirán segundo a R.19.06.2020.

A R.19.06.2020 establece no seu ordinal décimo sexto e seguintes, a comprobación de datos, a instrución do procedemento, etc.

No seu ordinal décimo oitavo se establecen as actuacións subvencionables:

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no citado artigo.

2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:

a) As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como consolidación, pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.

b) As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.

c) As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:

– En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable dos escorregamentos urbanos, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.

– En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.

– En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.

– En materia de protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.



Concello de Vigo

5. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción, en substitución doutros previamente demolidos. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exixencias do Código técnico da edificación.

6. As obras de construción de edificios e de vivendas, nos supostos de infravivenda e de chabolismo. Nestes casos, a edificación farase en función das unidades de convivencia residentes e das súas características e non en substitución doutros ou doutras edificacións demolidas, co fin último de posibilitar a súa inclusión social, a través do gozo dunha vivenda digna nun contexto integrador.

7. Así mesmo, serán subvencionables:

a) Os custos dos programas de realoxamento temporal das persoas ocupantes de inmobles que deban ser desaloxadas da súa vivenda habitual ou, de ser o caso, de que ocupasen unha infravivenda ou unha chabola, como consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes na súa nova contorna.

b) Os gastos de equipamento e das oficinas de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

O Concello de Vigo convocará, no prazo que se estableza nos acordos específicos de financiamento asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, as axudas previstas para cada ámbito segundo as especificacións destas bases e demais requisitos establecidos na normativa.

Para acceder a este financiamento deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

8. PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA ANUALIDADE 2020 NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Os concellos de Galicia interesados en participar na anualidade 2020 neste programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 entre os que se atopa o Concello de Vigo, deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo segundo o Anexo I da R.19.06.2020, certificado do acordo municipal para solicitar a participación no programa e o compromiso de actuar como entidade xestora das actuacións, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación e certificado da persoa titular da Secretaría municipal do Concello de que a ARI, tras obter financiamento, realizouse a correspondente convocatoira así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de cada acordo da ARI.

En data 12.04.2019, o Concello de Vigo, publica no BOP nº 72, as Bases Reguladoras das axudas para a convocatoria pública de axudas con financiamento no Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e nos

BOP nº 75 de 17 de abril de 2019 publícase a 1ª convocatoria e no BOP nº 211 de 4 de novembro de 2019 publícase a 2ª convocatoria para a Fase 16 de Casco Vello.

Resultado destas convocatorias hai dispoñibles 1 actuación de edificación e 30.000€ do Ministerio, están dispoñibles 22 actuacións de rehabilitación con 11.502,47€ da Xunta de Galicia e non hai dispoñibilidade de financiamento do Ministerio para obras de rehabilitación. Está prevista a apertura dunha 3ª convocatoria para 1 obra de edificación.

En data 09.06.2020, o Concello de Vigo, publica no BOP nº 109, as Bases Reguladoras das axudas para a convocatoria pública de axudas con financiamento no Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e no BOP nº 118 de 22 de xuño de 2020 publícase a 1ª convocatoria para a fase 17.

Como indicamos anteriormente, até o 08.07.2020 temos recibidas solicitudes oficiais para un total de 15 actuacións e solicitudes de información e visita que, de solicitar todas, farían un total de 55 actuacións.

A estimación que podemos facer a día de hoxe, é que estarán todas as actuacións asinadas en convenio de data 22.10.2019, comprometidas aínda que non temos datos do financiamento que estará comprometido ou será necesario para atender a todas as solicitudes unha vez pechado o prazo da convocatoria, polo que, considérase especialmente oportuno promover neste momento, a solicitude de participación da **Área de rehabilitación de Centro Histórico do Casco Vello** para o financiamento con cargo ao programa na anualidade 2020 do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 das actuacións indicadas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE ACTUACION	Nº DE ACTUAC	ACHEGA MINISTERIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCE-LLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICU-LAR
REHABILITACIÓN	600.000,00	40	243.000,00	60.000,00	0,00	0,00	297.000,00
EDIFICACIÓN	150.000,00	2	60.000,00	0,00	0,00	0,00	90.000,00
REURBANIZACIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
EQUIPO TÉCNICO	71.250,00		29.400,00	29.400,00	12.450,00	0,00	0,00
REALOXOS	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	821.250,00	42	332.400,00	89.400,00	12.450,00	0,00	387.000,00
%	100,00		40,47	10,89	1,52	0,00	47,12

A presente proposta realizarase en atención aos tipos de actuacións contidas no RD.106/2018 e ás dotacións orzamentarias fixadas para este programa, así mesmo teranse en conta o número de actuacións incluídas orixinariamente na declaración de ARI, o número de actuacións pendentes de executar, o número de actuacións solicitadas, o grado de execución polos concellos das actuacións incluídas en acordos anteriores, o número de áreas declaradas en cada concello, o cofinanciamento municipal para o desenvolvemento da ARI e o tipo de área de que se trate.

E posteriormente, unha vez notificado por parte do IGVS o financiamento dispoñible ao Concello Vigo, este achegará a documentación necesaria para a formalización dos acordos específicos, de conformidade co artigo 52 do RD 106/2018.



Concello de Vigo

En consecuencia, propónse ao Alcalde do Concello de Vigo, por proposta da Concelleira delegada de Urbanismo, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Confirmar a participación na anualidade 2020 no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 da “Área de Rehabilitación de Centro Histórico do Casco Vello”, segundo as actuacións recollidas no seguinte cadro:

ACTUACIÓN	COSTE AC-TUACION	Nº DE ACTUAC	ACHEGA MINISTE-RIO	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCE-LLO	OUTRAS ADM	ACHEGA PARTICU-LAR
REHABILITA-CIÓN	600.000,00	40	243.000,00	60.000,00	0,00	0,00	297.000,00
EDIFICACIÓN	150.000,00	2	60.000,00	0,00	0,00	0,00	90.000,00
REURBANIZA-CIÓN	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
EQUIPO TÉCNI-CO	71.250,00		29.400,00	29.400,00	12.450,00	0,00	0,00
REALOXOS	0,00	0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	821.250,00	42	332.400,00	89.400,00	12.450,00	0,00	387.000,00
%	100,00		40,47	10,89	1,52	0,00	47,12

SEGUNDO.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello de Vigo para a financiación das actuacións de rehabilitación, edificación, de equipamento e das oficinas de información, xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionadas para a área con financiamento estatal e autonómico.

TERCEIRO.- Compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo da sinatura do correspondente acordo específico.

CUARTO.- Remitir ao IGVS a certificación destes acordos, xunto co Anexo I, o Anexo II relativo á oficina de rehabilitación, a certificación de ter realizado convocatoria así como o grado de execución das actuacións ou do financiamento comprometido de anualidades anteriores dentro do PEV 2018-2021, para a participación na anualidade 2020 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de Vivenda 2018-2021, para que o organismo autonómico proceda á súa tramitación.”

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 14/07/2020, acordou “elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(587).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES REALIZADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NOS MESES DE MARZO A XUÑO DE 2020. EXPTE. 2794/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/07/2020, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) nos meses de **MARZO A XUÑO** e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2712/341. Redacción de textos para material gráfico da exposición "...de mi casa" de Román Pereiro. VÍTOR VAQUEIRO FOXO. RCM 15789	02/03/20	300,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2743/341. Contratación dos servizos de mantemento preventivo, para 2 revisións trimestrais, de grupos electróxicos, bombas auxiliares de achique e centro de transformación en centros adscritos á rede de museos municipais. ELECTRONAVIA INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS, S.L. RCM 31847	20/05/20	2.535,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2760/341. Subministración de banderolas para o proxecto expositivo #phdesdemibalcón. LA FÁBRICA GESTIÓN MÁSCULTURA, S.L. RCM 39181	19/06/20	2.420,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2748/341. Contratación da subministración de material hixiénico en museos e salas de exposicións, de acordo coas ordes SND/399/2020 e SND/414/2020, para prevención de contaxio de coronavirus SARS-CoV2. SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. RCM 32932	26/05/20	14.171,11 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2749/341. Contratación da subministración de EPIs (Equipos de Protección Individual) para persoal dos centros da rede de museos, de acordo coas ordes	26/05/20	5.251,96 €



Concello de Vigo

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
	SND/399/2020 e SND/414/2020, para prevención de contaxio de coronavirus SARS-CoV2 . SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. RCM 32933		
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2764/341. Montaxe e desmontaxe de proxecto expositivo #PHDESDEMIBALCON. SONIA M ^a OTERO GONZÁLEZ. RCM 40313	25/06/20	459,80 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6837/337. Recepción de pezas prestadas á exposición "Galicia, un relato no mundo. BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L. RCM 39406	23/06/20	338,80 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6836/337. Servizo de almacenaxe de materiais arqueolóxicos procedentes da escavación e control arqueolóxico do soar do nº 39-41 da rúa Marqués de Valladares de Vigo. DATA GESTIÓN CULTURAL, S.L. RCM 39182	19/06/20	647,35 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

15(588).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO "PROXECTO BÁSICOS E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A GUÍA", E DO "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE FRAGOSELO-CORUXO." EXPTE. 565/441.

Visto o informe xurídico do 14/07/2020 e informe de fiscalización do 15/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/07/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario do Área, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 3420 "Instalacións deportivas" a aplicación orzamentaria 3420.632.00.14 (INVEST. MELL. CAMPOS FÚTBOL, COOF. DEPUTACIÓN).

2.- Ao expediente administrativo de contratación achéganse os expedientes número 3792/443 e 4330/443 correspondentes aos proxectos de obras a executar, nos que se

inclúen os correspondentes Pregos de Prescricións Técnicas de execución das obras aprobados pola Xunta de Goberno Local nas sesións que se relacionan a continuación:

- **“PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A GUÍA”**, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CORENTA E UN MIL NOVECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (341.943,53 Euros) e sinatura dixital de data 17 de decembro de 2019 (Expte. 3792-443), aprobado pola XGL en sesión de data 06.02.2020.
- **“PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE FRAGOSELO-CORUXO”**, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS DOCE MIL CATROCENOS SETE EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (212.407,43 €) e sinatura dixital de data 17 de decembro de 2019.(Expte.4330-443), aprobado pola XGL en sesión de data 20.03.2020.

3.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

A) Os proxectos obxecto do presente expediente de contratación:

“PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A GUÍA”, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CORENTA E UN MIL NOVECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (341.943,53 Euros) e sinatura dixital de data 17 de decembro de 2019 (Expte. 3792-443).

“PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE FRAGOSELO-CORUXO”, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS DOCE MIL CATROCENOS SETE EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (212.407,43 €) e sinatura dixital de data 17 de decembro de 2019.(Expte.4330-443).

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de datas 15 e 18 de maio de 2020.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 18.05.2020.

D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 18.05.2020.

E) Certificado de crédito RCREM nº 202000036957 e 202000037610.



Concello de Vigo

- F) Actas de Replanteo dos correspondentes proxectos asinadas polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 21.05.2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 25.06.2020.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 25.06.2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de contratación en data 13.07.2020.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a súa división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno (informes de supervisión de proxectos de datas 18.12.2019), así como o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “**RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A GUÍA E RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE FRAGOSELO-CORUXO**”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13.07.2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL TRESCENTOS CINCUENTA EUROS con NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (554.350,96 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 96.209,67 €.

O importe total atópase dividido segundo a seguinte distribución en lotes:

	IMPORTE SEN IVE	IVE	PREZO
LOTE 1 (A GUÍA)	282.597,96 €	59.345,57 €	341.943,53 €
LOTE 2 (FRAGOSELO)	175.543,33 €	36.864,10 €	212.407,43 €
TOTAL	458.141,29 €	96.209,67 €	554.350,96 €

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3420.632.00.14 (INVEST. MELL. CAMPOS FÚTBOL, COOF. DEPUTACIÓN).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(589).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PRESAS E DEMAIS ALIMENTACIÓN PARA A FAUNA DE VIGOZOO. EXPTE. 10368/612.

Visto o informe xurídico do 14/07/2020 e o informe de fiscalización do 15/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/07/2020, asinado polo director de Réxime Interior de Vigozoo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro -delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

1.- ANTECEDENTES:

Debido a necesidade de contratación do subministro de alimentación para manutención da fauna deste Servizo de VigoZoo, nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse de subministro de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para o subministro de alimentación de presas para o consumo dos animais de VigoZoo.

A través doutros procedementos de licitación, foron formalizados outros contratos de subministro de alimentos como o de pensos e forraxes, frotas e hortalizas e subministro de carne equina.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades de alimentación da fauna de VigoZoo co seguinte subministro:

- Alimento vivo como grilos, zophobas, tenebrios, etc...
- Alimento conxelado como ratas, ratóns, coellos, etc...
- Despiece do polo: alitas, xamonciños, traseiro de polo, peituga, etc...

En cumprimento do art. 28 da LCSP, a necesidade de facelo se xustifica en que para a manutención da fauna deste servizo de VigoZoo é imprescindible e necesario a contratación con empresas de subministro de alimentos para garantir dito subministro e preservar a saúde da fauna do Parque.

Como consecuencia do anterior, con data de 27 de marzo, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna de VigoZoo.

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Veterinario de VigoZoo o 27 de marzo de 2020 e pola Concelleira de Medio Ambiente o 27/03/20.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable para o inicio do expediente do 27 de marzo de 2020.
3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Veterinario de Vigozoo, o Director de Réxime Interior de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 09/07/2020.
4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Veterinario de VigoZoo o 10/06/20.
5. Informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 11/06/20.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado Xefa do Servizo de Contratación o 10/07/2020.

2.- **Condicións definitorias do contrato:**

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, no subministro de presas e demais alimentación, por lotes, para o consumo da fauna animal no parque zoolóxico de VigoZoo de acordo coas previsións contidas no Plan de Nutrición Animal elaborado polo Veterinario de data 01/03/2010, e de acordo coas características previstas no prego de prescrición técnicas.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto simplificado, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (45.984,48 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (4.598,44 €) e o valor estimado (87.788,55 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído) coa posibilidade de dúas prorrogas dun ano de duración cada unha delas.

- Ano 2020: 5.748,06 €
- ano 2021: 22.992,24 €
- ano 2022: 17.244,18 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.221.05.03 "Outros alimentos".

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos términos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos términos previstos na LCSP.



Concello de Vigo

Este subministro nas instalacións de VigoZoo poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos, establecéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha delas, en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento efectuarase, unicamente polos subministros efectivamente entregados e de acordo aos prezos unitarios ofertados polo adxudicatario, previa presentación e conformidade da factura por parte do responsable do contrato.

Se facturará a finais do mes e incluírá tódolos pedidos efectuados durante o mesmo. A factura realizárase en función do material servido, non do material solicitado. As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Nas facturas deberá indicarse o alimento subministrado, a cantidade e o prezo unitario do mesmo, ademais debe acompañarse da seguinte documentación: albaran ou albarans de entrega da mercancía asinado polo responsable do contrato e documento SANDACH (subprodutos animais non destinados ao consumo humano).

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Veterinario de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil por unha contía mínima de 100.000 € para cubrilas continxencias que se puideran producir derivadas da prestación do subministro.

3.- **Criterios de adxudicación e ponderación**

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 10/06/20 polo Veterinario, Director de Réxime Interior de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración de máis dun criterio:

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

LOTE 1 e 2:

1. Porcentaxe de desconto ofertado para os prezos unitarios do lote 1 e 2 recollidos no apartado 3.G destas FEC :

Valorarase con ata 75 puntos. O licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa (indicada en valor porcentual cun máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos das presas e alimentos a subministrar dos lotes 1 e 2.

Valorarase consonte as fórmulas previstas na cláusula 16 do PCAP

2. Redución do peso dos embalaxes: valorarase con ata 20 puntos.

Valorarase o peso dos embalaxes, de acordo coa seguinte escala, tomando como punto de partida o indicado no apartado 3.10 do PPT (15 quilos):

- Entre 10-14 quilos: 5 puntos.
- Entre 5-9 quilos: 10 puntos.
- Menos o igual a 4 quilos: 20 puntos.

3. Redución do prazo de entrega: valorarase con ata 5 puntos.

Valorarase consonte as fórmulas previstas na cláusula 16 do PCAP

LOTE 3:

1. Porcentaxe de desconto ofertado para os prezos unitarios do lote 3 recollidos no apartado 3.G destas FEC : valorarase con ata 85 puntos. O licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa (indicada en valor porcentual cun máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos das presas e alimentos a subministrar do lote 3.

Valorarase consonte as fórmulas previstas na cláusula 16 do PCAP

2. Redución do prazo de entrega: valorarase con ata 15 puntos.

Valorarase consonte as fórmulas previstas na cláusula 16 do PCAP

LOTE 4:

1. Porcentaxe de desconto ofertado para os prezos unitarios do lote 4 recollidos no apartado 3.G destas FEC : valorarase con ata 75 puntos. O licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa (indicada en valor porcentual cun máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos das presas e alimentos a subministrar do lote.

Valorarase consonte as fórmulas previstas na cláusula 16 do PCAP.

2. Redución do peso dos embalaxes: valorarase con ata 20 puntos. Valorarase o peso dos embalaxes, de acordo coa seguinte escala, tomando como punto de partida o indicado no apartado 3.10 do PPT (25 quilos):



Concello de Vigo

- Entre 20-24 quilos: 5 puntos.
 - Entre 11-19 quilos: 10 puntos.
 - Menos o igual a 10 quilos: 20 puntos.
3. Redución do prazo de entrega: valorarase con ata 5 puntos.

3. Redución do prazo de entrega: valorarase con ata 5 puntos.

Valorarase consonte as fórmulas previstas na cláusula 16 do PCAP.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do subministro de presas e demais alimentación para a fauna de VigoZoo (exp. 10368-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 10/06/20 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10/07/2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 45.984,48 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (4.598,44 €) e a anualidade máxima de 2020 será de 5.748,06 €. A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.03 "Outros alimentos".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(590).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez